



NOTA DE PRENSA

O PARLAMENTO DE GALICIA ACOLLE MAÑÁ VENRES UNHA LECTURA DRAMATIZADA DA APROBACIÓN DO SUFRAXIO FEMININO EN 1931

Actrices e actores galegos representarán no hemiciclo do Parlamento a Clara Campoamor, Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán ou Concepción Arenal nunha obra con guión da escritora María Xosé Queizán

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 07. O Salón de Plenos do Parlamento de Galicia acollerá mañá venres unha lectura dramatizada do proceso que levou á aprobación do sufraxio feminino en 1931, presidida pola presidenta do Parlamento de Galicia, Dolores Villarino Santiago. A dramatización está dirixida pola dramaturga e directora teatral María Armesto, o guión foi elaborado pola escritora María Xosé Queizán, quen dará voz á narradora, e contará con recoñecidas actrices e actores galegos, que compartirán escano cos deputados e deputadas.

A obra representará a aprobación do sufraxio feminino, incluíndo a intervención de Clara Campoamor na sesión do Congreso na que defendeu a modificación da Constitución para incluír o dereito de voto das mulleres, así como unha serie de entrevistas nas que expoñerá a súa traxectoria e o contexto social no que viviu. O papel de Campoamor será interpretado pola actriz Berta Ojea, coñecida polas súas actuacións nas películas *El menor de los males*, *Escuela de Seducción*, *Mortadelo y Filemón*, *El espinazo del diablo* e *800 balas*.

Feministas galegas

A representación fará tamén un repaso da traxectoria das feministas galegas que loitaron pola igualdade entre homes e mulleres como Rosalía de Castro, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán. Serán interpretadas por Casilda García –*Los lunes al sol*, *Libro de familia* (TVG)-, a actriz Rosa M^a Rodríguez Fernández e a actriz e directora de teatro Mónica Bar, respectivamente.

Na obra tamén intervirán outros actores, actrices e dramaturgos galegos, como Antonio Durán *Morris* –*Princesas*, *Los lunes al sol*-, Alfonso Becerra de Becerreá, Xavier Picallo, Luis Hidalgo, Ricardo Solveira, Antón Lamapereira e María Armesto.



Lectura dramatizada "**Clara Campoamor e o voto feminino**"

Venres, 30 de marzo de 07, 12,00 h.

Salón de Plenos do Parlamento de Galicia:

Secuencia:

-Apertura do acto pola presidenta do Parlamento de Galicia, **Dolores Villarino Santiago**.

-Intervención de **M^a Xosé Queizán**, quen guiará toda a representación na súa calidade de narradora.

-Monólogos:

Rosalía de Castro

Concepción Arenal

Emilia Pardo Bazán

-**Clara Campoamor**: presentación, monólogos e entrevista.

-**Debate parlamentario**: o voto feminino. Intervencións.

-**Exilio e morte**: intervencións de Clara Campoamor e da narradora.

Duración aproximada: 60'

Un Saúdo,

Departamento de Prensa,
Parlamento de Galicia.